

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015524	CPR Plurilingüe Vilas Alborada	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	1º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

Estamos situados no concello de Santiago de Compostela, no barrio de San Pedro, zona ubicada preto do casco monumental e rodeada dun amplo espazo natural.

O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio, e fundamentalmente residen en zonas próximas ao colexio.

Contamos cunha soa liña e nove unidades (3 de EI e 6 de EP).

En primeiro temos 24 alumnos (13 nenos e 11 nenas).

Somos centro plurilingüe, impartindo as áreas de Educación Plástica e visual e de Educación Física en inglés.

A área de Ciencias da Natureza está deseñada co obxectivo de que as nenas e os nenos se volvan activos, responsables e respectuosos co mundo en que viven, adquirindo os coñecementos esenciais e os principios básicos do medio natural para construír un mundo máis solidario, xusto, igualitario e sostible.

As ciencias naturais, por tanto, implican entender a ciencia como un proceso de investigación, a través da observación sistemática, a medición, a experimentación e a formulación de hipóteses, como base do método científico e eixo central da área, tratando así de dar resposta aos principais problemas dunha sociedade globalizada, e tendo en conta o rápido desenvolvemento e o progreso científico-tecnolóxico.

Para iso, os alumnos deben adquirir conceptos, habilidades e actitudes relacionadas co saber e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía, así como o funcionamento do corpo humano, para abordar a importancia do coidado da saúde e o benestar emocional, así como o respecto aos seres vivos e á súa contorna.

Por outra banda, a dixitalización das contornas de aprendizaxe esixe que os alumnos fagan un uso seguro, eficaz e responsable da tecnoloxía.

Propiciarase o desenvolvemento cognitivo e emocional dos alumnos, facilitando o descubrimento activo a través da formulación de preguntas, a procura de información de diferentes fontes seguras e confiáveis e a realización de experimentos de investigación relacionados cos diferentes elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

Por outra banda utilizarase a contorna coma un recurso (parques, horta escolar, barrio...) que nos permita descubrir a nosa realidade e intervir no coidado do medio.

A área de Ciencias da Natureza estrutúrase en catro bloques:

Cultura científica.

A vida no noso planeta.

Materia, forzas e enerxía.

Tecnoloxía e Dixitalización

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e conseqüentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Descubro como somos	<p>Nesta unidade, trázase un itinerario que permite aos nenos e ás nenas profundar no coñecemento do propio corpo, das súas calidades e as posibilidades que ofrece para a relación coa contorna. Incídese tamén no vínculo entre o propio corpo, o benestar e as emocións que esperta nas persoas.</p> <p>Ademais, o obxectivo é que as aprendizaxes que se adquiren vaian relacionadas coa reflexión individual e colectiva sobre as persoas, as súas diferenzas, semellanzas, emocións, gustos, sentimentos.</p>	15	18	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Sei coidar a miña saúde	Nesta unidade, incítase ao alumnado a comentar os seus coñecementos sobre a saúde e motívaselles a suxerir preguntas sobre o deporte. A partir desta fórmula, o eixo transversal dos contidos e as actividades será a reflexión sobre a importancia dos hábitos saudables en alimentación, hixiene, lecer e descanso, e a súa relación coa base dunha vida digna e sustentable.	15	18	X		
3	Coñezo a Natureza	Ao longo desta unidade sinálase a ruta que permite ao alumnado introducirse no estudo e o respecto da contorna natural e, nesa liña, do coidado e a valoración da importancia das plantas. A partir das experiencias e os coñecementos propios, suscítase a formulación de preguntas por parte dos nenos e das nenas, que servirán de punto de partida para desenvolver as actividades. Na lámina inicial, a imaxe do xardineiro entronca cos contidos prácticos da unidade, que consistirán na sementeira de sementes e na plantación en macetas.	20	18		X	
4	Gústanme os animais	Nesta unidade abórdase a observación e a valoración dos animais na contorna. Convidase o alumnado a que formule cuestións sobre eles, sobre as súas características, hábitos e necesidades e, a partir delas, abórdase o traballo co obxectivo central de desenvolver nos nenos e nas nenas o respecto pola natureza. Neste contexto, preténdese estimular a curiosidade e o interese por coñecer, experimentar e explorar a contorna como estratexia para aprender de forma cada vez máis autónoma.	20	18		X	
5	Coidamos o Medio Ambiente	Nesta unidade, incídese na importancia da protección dos espazos naturais e dos seres vivos. As preguntas que animan aos alumnos e alumnas a reflexionar sobre o que xa coñecen en relación con este tema e o que lles gustaría coñecer serán o punto de partida.	15	17			X
6	As cousas que nos arrodean	Nesta ocasión, pártese da observación dos obxectos que nos rodean e dos materiais dos que están feitos. A partir diso, incídese na conexión entre o uso, consumo e produción responsables de materiais, e a sostibilidade do planeta. Paralelamente, leva a cabo a reflexión sobre os elementos e materiais, as súas características, a súa orixe e as súas aplicacións. Farase un repaso sobre as máquinas presentes na contorna, as pezas que as forman, os seus	15	16			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	As cousas que nos arrodean	usos, etc.	15	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Descubro como somos	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñecer hábitos de vida saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso axeitado.	PE	25
CA2.5 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer as principais partes do corpo.		
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.	TI	75
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades. - Identificación e descrición das partes do corpo humano. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
2	Sei coidar a miña saúde	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer os órganos máis importantes.	PE	35
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.	TI	65
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Identificar as emocións propias e as dos demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Coñecemento e experimentación cos órganos dos sentidos para relacionarse coa súa contorna. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa). - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
3	Coñezo a Natureza	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características e a organización dos seres vivos do seu entorno, diferenciándoos dos seres inertes.	PE	30
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas sobre feitos e fenómenos próximos a través da observación.	TI	70
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións entre os seres vivos do seu entorno.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosar hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das súas accións sobre o medio natural.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes. - As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
4	Gústanme os animais	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características e a organización dos seres vivos do seu entorno, diferenciándoos dos seres inertes.	PE	40
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.	TI	60
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara a natureza.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa). - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
5	Coidamos o Medio Ambiente	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características dos seres vivos do seu entorno, diferenciándoos dos seres inertes.	PE	40
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.	TI	60
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara a natureza.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
6	As cousas que nos arrodean	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as propiedades e características dos materiais que forman os obxectos da súa vida cotiá.	PE	30
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.	TI	70
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA3.2 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Identificar o uso de máquinas e aparellos na súa vida cotiá.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Adquirir hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das súas accións sobre o medio natural.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Realizar programación a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Tipos de materiais segundo a súa orixe. - Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá. - Cambios observables na materia a través da súa experimentación. - Observación e identificación de máquinas e aparellos na súa vida cotiá. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa). - Estratexias básicas de traballo en equipo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O desenvolvemento das actividades nesta área terán como fin que a aprendizaxe sexa global. Os coñecementos e habilidades que vaian acadando lle sirvan para aplicar a diferentes ámbitos. Proxectos coma o desenvolvemento da Semana Cultural (este ano o tema está vinculado coa multiculturalidade e levará como título: "De aquí e de acolá") onde partindo dun tema de interese se conxugan todas as áreas, organización do día da Paz, Samaín, Magosto, son un exemplo deste aprendizaxe global.

Partiremos dos coñecementos previos para que este sexa significativo e do propio nivel de desenvolvemento para que teña un fin formativo.

Desde o punto metodolóxico, levarase a cabo un proxecto conectado coa realidade que promove a aprendizaxe competencial. Para iso, cada unidade didáctica organízase ao redor dunha situación de aprendizaxe, unha experiencia de aprendizaxe (problema, tema, reto) motivadora, real e próxima ao alumnado. As unidades seguen unha ruta didáctica en catro fases:

- Espertar a curiosidade do alumno e tomar conciencia da situación-problema.
- Aprendizaxe orientada cara aos contidos necesarios e o desenvolvemento das habilidades de pensamento.
- Aplicación do aprendido nas tarefas complexas, con forte sentido competencial e actitudinal.
- Consolidación, valoración do aprendido e personalización.

Debido a súa idade traballarase con situacións e exemplos moi próximos a eles/as (aula, colexio, casa, barrio...) e co fin de complementar os contidos traballados na aula e ao mesmo tempo motivar máis ao alumnado, levaremos a cabo diferentes saídas: ao Parque de Belvís, situado preto do colexio e onde temos o noso horto escolar, visitaremos outras zonas verdes de Compostela como Bonaval, o parque da Trisca e a Alameda, do mesmo xeito, faremos percorridos polo barrio levando a cabo diferentes actividades relacionadas co noso Proxecto Competencial.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de aula
Láminas dixitais de Ciencias da Natureza
Recursos persoais
Recursos tecnolóxicos
Contorna
Horta escolar
Familias do alumnado
Iniciativas de Asociacións e colectivos, Concello, Barrio.
Biblioteca de aula
Biblioteca de centro, con libros de consulta
Fontes documentais de internet

Na área de Ciencias Naturais, contamos cunha serie de recursos, tanto persoais, como materiais (PDI, aula virtual, xogos interactivos...) que nos facilitan a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

Outros espazos do centro diferentes á súa aula empregaranse para o desenvolvemento curricular desta área, como, a Biblioteca do centro, sala de usos múltiples, patio, utilizaranse para producións audiovisuais, exposicións de traballos...

Asimismo a contorna será outra fonte de recursos para desenvolver esta área.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Dado o carácter formativo e continuo da avaliación, esta ha de extenderse ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe. O primeiro momento clave da mesma é o da avaliación inicial, que ten en conta o punto de partida do alumnado e valora os seus coñecementos previos, para deste xeito facilitar a planificación das aprendizaxes a desenvolver para o logro das competencias básicas.

Por iso ao comezo de curso levarase a cabo a avaliación inicial ou de diagnose para coñecer o nivel competencial do alumnado.

Os instrumentos que se utilizarán para a avaliación inicial serán os seguintes:

- Unha ficha de rexistro da información obtida a través da observación directa do desenvolvemento do alumnado na aula.

- Análise da comprensión e das producións dos alumnos/as.

Producións orais.

Comprensión de instrucións.

Resolución das actividades.

Interaccións en pequeno grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	20	20	15	15	100
Proba escrita	25	35	30	40	40	30	34
Táboa de indicadores	75	65	70	60	60	70	66

Criterios de cualificación:

COMPRESIÓN E PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES DE AULA.

35%

LIBRETA, LIBRO, CAERNO DE AULA, TAREFAS E PORTFOLIO.

40%

ACTITUDE, COMPORTAMENTO E INTERESE.

25%

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Entre as actividades de recuperación e reforzo que imos a levar a cabo con aqueles alumnos/as que o precisen están:

A flexibilización da metodoloxía e dos tempos así como o uso dun vocabulario máis cercano ao alumno/a que lle facilite a comprensión das diferentes actividades.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade na área de Ciencias da Natureza levarase a cabo a través:

- do traballo cooperativo
- da flexibilización do tempo
- da realización de actividades de reforzo e ampliación como poden ser fichas e proxectos
- do emprego de material interactivo
- do traballo no obradoiro de lectura
- de todo tipo de actividades lúdicas
- da presenza dun profesor/a de apoio na aula
- da titoría entre iguais

Asimesmo, tamén se se contempla unha flexibilización da metodoloxía e dos tempos así como o uso dun vocabulario máis cercano ao alumnado que lle facilite a comprensión das diferentes actividades.

Ademáis, segundo establece a Orde do 8 de setembro do 2021 cubrirase o Anexo I, que fai referencia ao informe individual final de curso sobre medidas de R.E.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero			X	X	X	X
ET.3 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.	X	X	X			
ET.4 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores.	X					

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

O traballo dos contidos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

O desenvolvemento das situacións de aprendizaxe nesta área traballarase de xeito globalizado facilitando a transversalidade destes contidos cos da propia área.

Certos elementos transversais, como a comprensión lectora, a educación emocional e en valores... estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas

Asimesmo, teremos en conta o tema da nosa Semana Cultural, que este ano leva por título: "De aquí e de acolá" cando tratemos contidos relacionados coa Educación para a saúde, xa que traballaremos a alimentación en diferentes países do mundo, así como a Educación emocional e en valores, onde aprenderemos sobre outras culturas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna	Coincidindo co inicio do curso, faremos un percorrido para familiarizarnos coa nosa contorna e aproveitaremos para coñecer os ecosistemas máis próximos.	X	X	X
Obradoiro de cociña	Planificaremos receitas saudables.	X	X	X
Roteiro polo Sar	Aproveitaremos que temos preto o río Sar para investigar os animais que viven preto dos ríos.			X
Visita ao CIPXS	Iremos ao centro de interpretación de parques e xardíns para participar nas actividades que nos propoñes relacionadas coa área (plantar árbores, coñecer as árbores da nosa contorna...)		X	
Horto Escolar	Traballaremos no noso horto, situado no parque de Belvís.	X	X	X

Observacións:

As actividades complementarias son unha oportunidade de aprendizaxe. O alumnado amosa unha gran motivación, implicación e interese polas mesmas. Tamén contamos coa colaboración das familias tanto á hora de organizalas como de desenvolverlas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Queda claro o enfoque competencial.
A temporalización foi axeitada.
A adquisición de aprendizaxes e habilidades estivo ben equilibrada.
Metodoloxía empregada
Resulta clara a vinculación entre o currículo e o proceso que se levou a cabo na aula.
As aprendizaxes instrumentais incorpóranse axeitadamente.
Os criterios establecidos facilitan a avaliación continua e autoavaliación.
O alumnado sentíuse motivado polos retos e desafíos que se plantexan.
As interaccións entre o alumnado fanse progresivamente máis fluidas e son un estímulo para o traballo.
A convivencia na aula e as relacións van avanzando positivamente ao longo do curso.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O proceso levouse a cabo con fluidez.
Medidas de atención á diversidade
As actividades contribúen a que o alumnado adquira autonomía progresivamente.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A planificación permite flexibilizar sesións de traballo, agrupamentos, organización das actividades...

Descrición:

Tal e como recolle a normativa vixente o profesorado debe avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa práctica docente. Os indicadores de logro descritos fan referencia a avaliación da práctica docente por parte do alumnado en relación a aspectos como a interacción profesorado/alumnado e clima na aula, contidos, organización do grupo-aula, materiais e a propia avaliación do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecvente posta en marcha de mecanismos para paliarlas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

Os procedementos de seguimento e avaliación a ter en conta e as propostas de mellora necesarias requiren da coordinación e o acordo entre o profesorado do centro implicado na área de ciencias da natureza. Neste caso son os seguintes:

- Ao finalizar a explicación de contidos das Unidades Didácticas faremos mapas conceptuais ou esquemas que nos permitan repasar e mellorar a organización de ideas.
- Usaremos as autoevaluacións e coavaliacións para detectar e resolver posibles dificultades.
- Rexistraremos na ficha individual do alumnado aqueles aspectos que precisan reforzar e proporemoslles actividades adaptadas.
- Abordaremos aqueles contidos que poidan resultar máis complexos cun enfoque integrador e interdisciplinar, de xeito que o alumnado poida establecer relacións e conexións entre as aprendizaxes.
- Revisaremos periodicamente a programación para poder axustar e modificar aqueles aspectos que así o requiran (temporalización, metodoloxía....)

9. Outros apartados